

COMUNICADO Nº 240/17

2 DE NOVIEMBRE DE 2017

1º SOLO CART-CROSS CHOQUEIRO 2017:

Tendo coñecemento a Federación Galega de Automobilismo da pretensión da celebración do **“1º SOLO CART-CROSS CHOQUEIRO”**, os vindeiros 11 e 12 de novembro de 2017, onde se mixtura a participación de pilotos licenciados e non licenciados, é necesario aclarar que se trata dunha proba que non está tutelada pola Federación Galega de Automobilismo, e polo tanto os participantes non están cubertos polo seguro da licenza Autonómica Única, o cronometraxe non concorda co oficial, e non se atinxe a vixente normativa dos vehículos de “Rescate”, cadros médicos mínimos, “UVI-móbil” con control de medios, e ambulancia de transporte, etc.

A Federación Galega de Automobilismo informa:

.- O **“1º SOLO CART-CROSS CHOQUEIRO”** non é unha proba oficial nin está baixo o amparo, asesoramento, nin tutela da Federación Galega de Automobilismo e, como tal, celebrase ó marxe da Federación Galega de Automobilismo e ó marxe de organizadores de competicións oficiais, segundo establece o artigo 22 da Lei 2/2012 do Deporte de Galicia. En aplicación dos requisitos establecidos na mencionada Lei do Deporte de Galicia, o título de inscrición e participación neste evento debe indicar o réxime de dereitos e deberes e as condicións que se deben cumprir para a participación. O organizador do evento deberá contemplar necesariamente a asistencia sanitaria dos participantes, para o suposto de accidente deportivo, mediante a suscripción do correspondente seguro. En definitiva a organización deste evento deportivo aillado e baixo a exclusiva responsabilidade do organizador.

.- O non ter “carácter oficial”, o evento deportivo **“1º SOLO CART-CROSS DE CHOQUEIRO”** debe celebrarse ó marxe dos organizadores de probas oficiais de Galicia, e ter a consideración de **acontecemento circunstancial e illado**, en aplicación do artigo 22 da Lei do Deporte de Galicia.

.-Se non tivera a consideración de acontecemento circunstancial e illado e como tampouco ten carácter de oficial, por no contar coas pertinentes autorizacións, **os participantes titulares de licenza autonómica única poderían ser considerados autores dunha infracción moi grave, tipificada no artigo 87.1º.n) dos Estatutos da Federación Galega de Automobilismo** que establece *“Organizar ou tomar parte en probas autonómicas, estatais e/ou internacionais que non contén co debido permiso de organización da “Federación Galega de Automobilismo”, Federación Española de Automovilismo e/ou Federación internacional, ou cos seguros pertinentes establecidos polas mesmas.”*

.- Os titulares de licenza autonómica única recordáselle que o mencionado evento non está amparado pola “Federación Galega de Automobilismo”, e polo tanto **non están cubertos polo seguro da súa licenza Autonómica Única**.